




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: San Román de Doniños na parte noroeste e Santa María de Brión na parte sueste. Extensión: 1,66km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Fronte costeira irregular, lobulado. Costa acantilada con areais moi pequenos que aproveitan os entrantes provocados polas numerosas fracturas do macizo granítico de Brión. Cantís de parede basal pequena e vertente de pendente regular. Especial morfoloxía na Ribeira de San Cristovo, onde aparece un anfiteatro con fondo de pendente suave a moderada en contacto brusco con empinadas vertentes que levan ata cimas próximas, que acadan os 150-240m snm. O rochedo granítico introduce o ambiente do grupo 82, "Pendentes rochosas con vexetación casmofítica". Na valgada de San Cristovo existen áreas con prados húmidos do 6420, ademais de bosquetes ripícolas (91E0) e algún rodal de repoboación.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade inclúese completamente no hercínico Macizo de Ferrol, en concreto unha granodiorita postectónica (tardía) de dúas micas con orientación de fluxo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente acantilada influída por temperaturas suaves e precipitacións moderadas: valores medios de temperatura por riba de 14°C e precipitacións acumuladas entre 1000mm e 1200mm. Amplitude térmica anual arredor dos 13°C. Réxime ombrotérmico Cálido-Subhúmido.

OS SOLOS

Unidade granítica con pendentes variables pero elevadas, desenvolvendo solos umbrisois dístrico-lépticos. Os frecuentes afloramentos nas zonas elevadas introducen leptosoles líticos, sobre todo no extremo norte da unidade.


AS AUGAS

Ladeiras de forte pendente e de escaso prolongamento continental, dan lugar a unha rede fluvial pouco destacada, formada en definitiva por pequenas valgas que verten á masa de Augas Costeiras 20125.

O PATRIMONIO NATURAL

Unidade acantilada co hábitat 1230, "Cantís con vexetación das costas atlánticas e bálticas". As vertentes albergan matos dos hábitats 4030, "Breixos secos europeos" e 4040, "Breixos secos atlánticos costeiros de Erica vagans". Nas valgas que seguen fracturas do macizo granítico, ás veces formando alvéolos, aparecen breixos húmidos de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4020. Neles, a saturación hídrica constante permite a aparición de pequenas áreas de turbeira costeira, 7110 "Turbeiras altas activas", dentro do grupo 71 "Turbeiras acedadas de esfagnos".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Extensa mancha de vexetación costeira de porte rastrero-breixos secos de Erica Vagans- interrompida por rodais de arboredo de repoboación en ladeiras de pendente máis acusada e de diversa exposición. No extremo oriental da unidade, en torno ao núcleo de San Cristobal, o mosaico de usos preséntase cunha maior variedade. Aquí distínguense pequenas áreas de bosque de repoboación, desenvolvido sobre parcelario de cultivo abandonado, e que comparte espazo con cultivos e pasteiros explotados pola aldea de San Cristovo. A actividade agraria ten un carácter testemuñal na unidade e moitas parcelas foron repoboadas pola vexetación. Existe un uso residencial arredor da enseada de San Cristovo, mentres que no bordo litoral cabe destacar os usos piscícolas e marisqueiros debidos á existencia dunha piscifactoría preto da praia de Cariño e dunha cetaria situada no extremo suroeste, en punta Fornelos.

MORFOLOXÍA

Unidade pouco poboada na que tan só aparece o núcleo tradicional de San Cristovo exemplo de poboación rural costeira, con casas dunha ou dúas alturas, algunhas bastante antigas e outras de tipoloxía diversa edificadas ou reformadas recentemente. No seu lado sueste mantén a súa estrutura orixinal compacta de asentamento pechado de escasa entidade. No entanto obsérvase un desenvolvemento espontáneo disperso pero reducido, ao leste de San Cristobal que se estende pola chaira costeira. Na unidade de San Cristovo atópanse as ruínas de castelo homónimo e a capela de San Cristovo

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Unha vía asfaltada que provén da praia de Cariño, bordea a costa entre a cetaria, as ruínas de San Carlos e o núcleo de San Cristovo. Esta vía achégase até a baliza situada en punta de San Carlos e configura ao seu paso un miradoiro na cota 25. O resto de vías son camiños rurais.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No bordo litoral, en punta de San Carlos e en punta de San Cristovo localízanse dous dos elementos patrimoniais: as ruínas dos castelos de San Carlos e San Cristovo. O armazón defensivo do sector permitía a observación directa entre os diferentes puntos estratéxicos da Ría de Ferrol. A pesar das súas escasas dimensións, da batería de San Carlos (BIC) presenta un aspecto imponente, en especial cando se observa desde o mar. Nas zonas altas da unidade, montes de Brión, varias mámoas pertencentes ao conxunto denominado mámoas dos montes de Brión, que se estende cara ao norte. Dentro da arquitectura relixiosa destaca a presenza da capela de San Cristovo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O carácter da unidade está determinado polas formas suaves de cantil que presiden todo o conxunto e nas que se suceden pequenas enseadas que acollen construcións que dan testemuño da propia orixe militar da cidade departamental. Referímonos, entre outros, á batería de San Carlos. No seu extremo oriental, a topografía en lombo que dá paso a unha superficie de menor pendente na que se asenta o núcleo de San Cristovo. A actividade agraria ten un carácter testemuñal e moitas parcelas foron repoboadas pola vexetación. Actualmente, a proximidade do porto exterior ten modificado substancialmente a homoxeneidade escénica da estreita embocadura da ría.

DINÁMICA DA PAISAXE

Na escasa superficie dedicada ao cultivo produciuse o abandono de varias parcelas, hoxe repoboadas por vexetación de porte arbustivo. Obsérvase que se produciu o aumento da superficie de arboredo nos sectores de maior pendente onde se produciu o abandono da actividade agraria e se substituíu polos usos forestais.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os valores patrimoniais teñen un peso importante na caracterización desta unidade, na que tamén hai que resaltar o seu marcado carácter natural e a súa homoxeneidade paisaxística de suaves relevos. A paisaxe do conxunto da unidade mantén os trazos típicos da estrutura orixinal coa presenza de elementos culturais vinculados á pequena aldea de San Cristovo,. Nas súas proximidades atópase a coqueta ermida de San Cristovo, así como o patrimonio composto polas baterías de San Carlos e San Cristovo, todo un alarde de arquitectura militar borbónica. Esta última conforma un enclave idóneo para observar a entrada e toda a Ría de Ferrol , como facían antigamente os defensores deste territorio, pois desde a batería militar xéranse conexións visuais coa ampla enseada configurada pola desembocadura do río Xunia, podendo contemplarse San Felipe, Ferrol ou Neda.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS





A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



